

## **BANDO**

### **Requirimento xeral de limpeza da maleza nos terreos en solo urbano e núcleo rural**

Para dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas propietarias de parcelas ou terreos situados en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural teñen o deber de mantelos nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada antes de finais de maio de cada ano.

A citada lei establece nos seus artigos 21 e 22 as obrigas das persoas físicas e xurídicas responsables de parcelas situadas nas faixas de especial protección, que inclúen a xestión do combustible vexetal (corta e roza) antes de finais de maio de cada ano nunha marxe de 50 metros arredor do solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais situadas a menos de 400 metros do monte. En consecuencia, no perímetro de 50 metros non poderá haber nin piñeiros, nin eucaliptos, nin acacias, nin toxos, nin xestas, nin silvas.

Asemade, o artigo 77 da Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria de Santiago de Compostela sinala que as persoas propietarias de terreos situados no termo municipal deberán mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas anteriormente, o Concello de Santiago poderá recorrer á execución subsidiaria destas obrigas e a aplicar as sancións correspondentes.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Xosé A. Sánchez Bugallo

